



DATOS IDENTIFICATIVOS

Atención de enfermería nas emerxencias e catástrofes

Materia	Atención de enfermería nas emerxencias e catástrofes			
Código	P51G140V01413			
Titulación	Grao en Enfermería			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Departamento da E.U. de Enfermería (Pontevedra)			
Coordinador/a	Herme Gonzalo, María Teresa Fernández Méndez, Felipe			
Profesorado	Fernández Méndez, Felipe Herme Gonzalo, María Teresa			
Correo-e	mhermogonzalo@uvigo.es fernandez.mendez.felipe@gmail.com			
Web	http://enfermeria.depo.es			
Descrición xeral	Materia optativa impartida no 7º semestre, orientada a adquirir coñecementos, habilidades e destrezas en emerxencias e catastrofes			

Competencias

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
B1	Ser capaz, no ámbito da enfermería, de prestar unha atención sanitaria técnica e profesional axeitada ás necesidades de saúde das persoas que atenden, de acordo co estado de desenvolvemento dos coñecementos científicos de cada momento e cos niveis de calidade e seguridade que se establecen nas normas legais e deontolóxicas aplicables.
B3	Saber aplicar os fundamentos e principios técnicos e metodolóxicos da enfermería
B5	Deseñar sistemas de coidados dirixidos ás persoas, familia ou grupos, avaliando o seu impacto e establecendo as modificacións oportunas
B10	Protexer a saúde e o benestar das persoas, familias ou grupos atendidos, garantindo a súa seguridade
B13	Aplicar os principios de financiamento sanitario e sociosanitario e utilizar axeitadamente os recursos dispoñibles
B15	Ser capaz de traballar co equipo de profesionais como unidade básica na que se estruturan de forma uní ou multidisciplinar e interdisciplinar os profesionais e demais persoal das organizacións asistenciais
B17	Realizar coidados de enfermería baseándose na atención integral de saúde, que supón a cooperación multiprofesional, a integración dos procesos e a continuidade asistencial
C2	Coñecer o uso e a indicación de produtos sanitarios vinculados aos coidados de enfermería.
C3	Coñecer os diferentes grupos de fármacos, os principios da súa autorización, uso e indicación, e os mecanismos de acción dos mesmos.
C4	Utilización dos medicamentos, avaliando os beneficios esperados e os riscos asociados e/ou efectos derivados da súa administración e consumo.
C13	Recoñecer as situacións de risco vital e saber executar manobras de soporte vital básico e avanzado.
C17	Aplicar o proceso de enfermería para proporcionar e garantir o benestar a calidade e seguridade das persoas atendidas.
C24	Identificar e analizar a influencia de factores internos e externos no nivel de saúde de individuos e grupos.
C29	Identificar as necesidades de coidado derivadas dos problemas de saúde.
C30	Analizar os datos recollidos na valoración, priorizar os problemas do paciente adulto, establecer e executar o plan de coidados e realizar a súa avaliación.

C48	Coñecer a lexislación aplicable e o código ético e deontolóxico da enfermaría española, inspirado no código europeo de ética e deontoloxía de enfermaría.
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización y planificación
D4	Resolución de problemas e toma de decisións
D5	Traballo en equipo, multidisciplinar e multilingüe
D7	Razoamento crítico

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Ser capaz de emprender valoracións exhaustivas e sistemáticas utilizando as ferramentas e marcos adecuados para o paciente, tendo en conta os factores físicos, sociais, culturais, psicolóxicos, espirituais e ambientais relevantes.	A3	B3 B17	C13 C17 C24 C29 C30	D1 D2
Ser capaz de facer valer os xuízos clínicos para asegurar que se alcancen os estándares de calidade e que a práctica está baseada na evidencia.	A2	B1	C17	D7
Ser capaz de pór en práctica principios de saúde e seguridade incluídos a mobilización e o manexo do paciente, control de infeccións, primeiros auxilios básicos e procedementos de emerxencia (utilizando as habilidades)	A2 A3	B1 B3 B5 B10 B13 B17	C2 C3 C4 C13 C17 C48	D4 D5
Adquisición dos conceptos necesarios para expresarse na lingua obxecto de estudo				
Adquisición dos conceptos necesarios para expresarse na lingua obxecto de estudo				
Coñecer de forma relevante ser capaz de aplicar resolución de problemas e toma de decisións	A3			D1 D4 D7
Ser capaz de usar adecuadamente as habilidades de consello (técnicas de comunicación para promover o benestar do paciente).		B15		D5

Contidos

Tema	
Definición e tipos de catástrofes	Impacto ambiental, social sanitario e económico das catástrofes. Mecanismos da prevención de catástrofes e actuacións das emerxencias no contexto internacional. Organización e planificación sanitaria en relación á atención de enfermaría en emerxencias e catástrofes. Recursos humanos e materiais.
Actuacións dos primeiros auxilios en situacións de emerxencia e catástrofe.	Actuacións básicas dos primeiros auxilios en situacións de emerxencia. Metodoloxía didáctica do ensino dos primeiros auxilios, soporte vital básico (SVB) e desfibrilación externa semiautomática (DEA). Soporte vital básico, desfibrilación externa semiautomática e primeiros auxilios en escenarios exteriores.
Actuación do persoal sanitario nas emerxencias derivadas das catástrofes.	Funcións específicas do profesional de enfermaría. Valoración primaria e secundaria. Triaxe. Exercicio práctico da clasificación de triaxe.
Escenarios de simulación avanzada.	Simulación avanzada en paciente traumático. Simulación avanzada en asistencia e traslado do paciente crítico. Simulacro exterior. Planificación dun simulacro.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	28	42	70
Seminario	8	8	16
Saídas de estudo	4	20	24
Obradoiro	8	16	24
Simulación ou Role Playing	4	12	16

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesorado de contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/as directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver por lo estudante.
Seminario	Actividades de aplicación dos coñecementos e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas con emerxencias e catástrofes desenvolvidas en distintos espazos exteriores. El simulacro consistirá na simulación dun incidente con múltiples vítimas, que se caracterizará debidamente, mediante el uso de maquillaxes, roupa e prótese, que simulen lesións reais. Exposición opcional por parte del alumnado ante el docente e un grupo doestudantado sobre SVB-DEA e/os primeiros auxilios.
Saídas de estudo	Exposición teórica e práctica impartidas por parte do estudiantado, nel exterior en distintos organismos
Obradoiro	Actividades grupales enfocadas á adquisición de competencias sobre valoración primaria, técnicas básicas, primeiros auxilios, materiais de uso frecuente en emerxencias.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Saídas de estudo	Nesta metodoloxía requírese unha atención persoal e presencial do profesorado nas saídas externas a distintos organismos, onde son os estudantes os que imparten contidos prácticos e teóricos a outros colectivos

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Seminario	Proba practica grupal dos distintos escenarios de emerxencias realizados nos seminarios a través de observación sistemática de cada un dos/as alumnos/as do grupo. 09/11/2020 as 16.00 horas. Debido a que algúns dos seminarios realízanse en escenarios exteriores as datas poderán sufrir modificacións en función da climatoloxía.	40	A2 A3	B1 B3 B5 B10 B13 B15 B17	C2 C3 C4 C13 C17 C24 C29 C30 C48	D1 D2 D4 D5 D7
Saídas de estudo	Exposición por parte do alumnado ante o docente e un grupo de alumnos/as sobre RCP e desfibrilación automática	10	A2 A3	B5	C13	D2 D5
Simulación ou Role Playing	Proba practica de resolución de simulacións en distintos escenarios de emerxencias e catástrofes a través da observación sistemática de cada un/unha dos/as alumnos/as do grupo Para acceder a esta proba é condición que o estudante realice adecuadamente as probas dos seminarios e talleres. Data de realización: 30/11/2020 as 16.00 horas. Data da 2ª oportunidade 01/07/2021 as 10.00 horas.	50	A2 A3	B1 B3 B5 B10 B13 B15 B17	C2 C3 C4 C13 C24 C29 C30 C48	D1 D2 D4 D5 D7

Outros comentarios sobre a Avaliación

Data fin de carreira: 9-X-2020 16.30h

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Consejo Europeo de Resucitación, **Guías para la resucitación 2015 del Consejo Europeo de Resucitación (ERC).**, American Heart Association, **2015 AHA Guidelines for CPR & ECC**,

PHTLS. Soporte vital básico y avanzado en el trauma prehospitalario, 8ª Edición,

Guía farmacológica, 1ª Edición,

Bibliografía Complementaria

Alvarez Rello Antonio, **Los servicios de emergencias y urgencias médicas extrahospitalarias en España**, 1ª Edición,

Manual de primeros auxilios, Edición 2012,

Manual de soporte vital avanzado en urgencias prehospitalarias, Edición 2012,

Manual de soporte vital avanzado en el trauma, 2ª Edición,

Carlos Alvarez Leiva, **Múltiples víctimas y catástrofes**, 3ª Edición,

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Enfermaría clínica I/P51G140V01204
Enfermaría clínica II/P51G140V01205
Farmacoloxía e dietética/P51G140V01203
Introdución á enfermaría clínica/P51G140V01201
Enfermaría clínica III/P51G140V01301

Plan de Continxencias

Descrición

ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS DOCENTES, TITORÍAS E ATENCIÓN PERSONALIZADA NON PRESENCIAL:

As metodoloxías docentes e as ferramentas telemáticas utilizadas son as que están postas pola Uvigo a disposición do alumnado e o profesorado. A ferramenta mais potente posta a disposición para esta modalidade de docencia virtual síncrona e bidireccional co alumando é a webconferencia, a conexión en tempo real, e o uso do chat en liña

- Titoría: Mantense a atención titorial no horario establecido na Guía Docente utilizando para iso ferramentas síncronas (videoconferencias, conversación telefónica, etc.) e asíncronas (foros, correo electrónico, etc.) que permitan reforzar a acción orientadora e de seguimento do alumnado.
- Atención personalizada: Por e-mail, Faitic, videochamada e a través do campus remoto: aula e despacho virtual 833: Felipe Fernández Méndez.
- Planificación horaria: as horas presenciais planificadas segundo o cronograma diario da materia preestablecido e coñecido polo alumando e o profesorado, non se modifican e pasan a realizarse de xeito non presencial, seguindo o horario establecido
- Lección maxistral: fanse polo aula virtual, videoconferencia; clases gravadas dos contidos da materia polo profesorado; vídeos con Screencast, MP4, e outros medios audiovisuais, a través de Faitic, e axuda das ferramentas de Moodle, e aulas en directo, seguindo os horarios de clase establecidos.
- Traballo tutelado; presentacións virtuais; traballo de aula; realízanse a través de videoconferencia, no aula e despacho virtual, seguindo o cronograma diario.
- Seminarios: utilízase o material audiovisual a través do Campus Remoto, Faitic e as ferramentas de Moodle para a resolución de casos clínicos, prácticos, etc. , seguindo o cronograma diario.

ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN:

- A avaliación da materia está orientada á avaliación continua. Pasa a realizarse de xeito non presencial mantendo o deseño e ponderación das probas que figuran nas guías docentes.
- Para a realización das probas de avaliación utilízanse as ferramentas non presenciais recollidas no Manual de urxencia para a docencia e a avaliación debido á Covid-19 e outras postas a disposición da Uvigo (campus remoto, aulas e despachos virtuais, etc.) utilizando as ferramentas soportadas polas plataformas Claroline e/ou Moodle.
- A avaliación de obradoiros e seminarios prácticos desenvolverase de xeito non presencial por Faitic, Moodle ou o Campus Remoto. Queda previsto a necesidade de organizar actividades académicas específicas, cando a docencia presencial este permitida, que garanten ao alumando a posibilidade da realización e adestramento dos obradoiros pendentes.

RECOMENDACIÓNS FINAIS: en función do momento no que se produza o paso á actividade en liña e a súa duración:

- Dadas as circunstancias, facilítase ao alumnado a bibliografía, recursos e enlaces recomendados para a aprendizaxe non presencial da materia como alternativas á bibliografía básica e/ou complementaria indicada nas Guías Docentes.
 - As actividades presenciais previstas nas guías docentes pódense fraccionar para incrementar a súa frecuencia e favorecer que o estudantado manteña o seu ritmo de traballo e a súa motivación.
 - Pódense activar os foros dispoñibles en FAitc
 - Difundirse e comunicarse ao alumando os cambios introducidos en calquera aspecto da docencia
 - Difundirse e comunicarse ao alumnado as instrucións precisas previas para o axeitado desenvolvemento das probas de avaliación.
-